

## UNHA PEQUENA ADULTA

“Cada vez máis dos nosos van ao ceo, levando con eles un anaco do meu corazón.” Frase que marcara a Antía, e que facía que se comportase coma unha adulta, en vez de coma a nena de nove anos que era. Non quería saír a xogar, o único que quería era estudar. Formaba parte da banda cultural, onde a súa cadeira estaba rodeada por xente de máis de trinta anos, pero non lle estrañaba. Quería que a súa avoa, que amaba a música, se sentise orgullosa dela. Antía só quería facer feliz os demais: gustáballe mirar o sorriso da súa avoa, gustáballe chegar á casa e que a enchesen de bicos por sacar boas notas. Ela renunciou á súa infancia para facer feliz aos maiores antes de que fose tarde. Quizais poida parecer inxusto, pero o certo é que Antía só se sente feliz vendo un sorriso na cara das persoas que ama.

Yashira Álvarez - 3°C